

POLÍTICA DO SISTEMA DE XESTIÓN INTEGRADO

Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A. (en adiante RETEGAL) é a empresa pública da Xunta de Galicia encargada da prestación de servizos de telecomunicación no ámbito da Comunidade Autónoma.

Para dar maior garantía na prestación de servizos, e así mellorar a satisfacción dos nosos clientes, Retegal ten implantado un Sistema de Xestión Integrado de Calidade, Medio Ambiente e Seguridade e Saúde no Traballo en base aos requisitos das normas UNE-EN ISO 9001:2015, UNE-EN ISO 14001:2015 e UNE-EN ISO 45001:2023.

RETEGAL comprométese a cumprir e facer cumprir os seguintes principios:

- Crear unha cultura de xestión integrada fundamentada na calidade do servizo, a protección ambiental, a prevención dos danos e a prevención do deterioro da saúde dos traballadores.
- Cumprir cos requisitos legais, contractuais ou doutra índole, que resulten de aplicación na prestación de servizos en razón da actividade de RETEGAL.
- Levar a cabo o traballo dentro dunha contorna de xestión que garanta unha mellora continua nos procesos e nos métodos de actuación, mediante o establecemento e revisión periódica dos obxectivos.
- Promover a comprensión e difusión da nosa política dentro da organización, mediante a formación e comunicación continuada cos traballadores.
- Dispoñer dos recursos técnicos, materiais e humanos que sexan necesarios para o adecuado desenvolvemento do sistema de xestión integrado.
- Minimizar o impacto de recursos naturais, xestionar eficientemente os residuos e previr a contaminación ambiental da actividade de RETEGAL mediante o control dos aspectos ambientais significativos.
- Proporcionar condicións de traballo seguras e saudable para a prevención de lesións e deterioro da saúde.
- Eliminar os perigos e reducir os riscos nas actividades de RETEGAL.
- Consultar aos traballadores e aos seus representantes legais sobre cambios e decisións estratéxicas en materia ambiental e de seguridade e saúde, e fomentar a súa participación na mellora das condicións no seu posto de traballo.
- Apostar activamente pola loita contra o cambio climático, integrando prácticas sostibles e respectuosas co medio ambiente nos procesos operativos e de xestión interna de RETEGAL.

A política conta co total compromiso e apoio da Dirección Xerencia, quen a establece para a consecución dos seguintes obxectivos:

- Controlar e mellorar o funcionamento da organización.
- Proporcionar unha rede de infraestruturas total, segura e eficiente.
- Buscar os beneficios reais para toda a cidadanía de Galicia.
- Cooperar cos seus grupos de interese.
- Ser unha empresa transparente ante a sociedade.
- Establecer un sistema de xestión contrastable e medible, baseada na xestión integral de riscos.
- Cumprir cos acordos de nivel de servizo (SLAs) acordados cos clientes.
- Atender continuamente a todos os grupos de interese cos que se interactúa, controlando os riscos asociados aos mesmos.
- Previr a materialización de riscos que comprometan a imaxe e boa xestión de RETEGAL (no marco do seu Código ético e Políticas de prevención de riscos penais, publicado na súa páxina web, www.retegal.gal).
- Xestionar e desenvolver actuacións no marco de responsabilidade social corporativa en resposta ás necesidades dos nosos grupos de interese.

A Dirección Xerencia entende que a implantación do Sistema de Xestión Integrado é responsabilidade de toda a organización e, por iso, solicita a todo o persoal que se familiarice coa documentación do sistema e a aplique no seu traballo diario. Así mesmo, encomenda a supervisión e apoio aos responsables de cada un dos procesos, para que cumpran coas súas obrigas, e participen no ámbito de cadansúa responsabilidade fomentando a xestión uniforme das actividades conforme o previamente definido e comunicado ao Responsable do Sistema de Xestión Integrado.

Esta política comunícase a todo o persoal para o seu coñecemento, comprensión e cumprimento. Ademais, revísase, analízase e actualízase para a súa continua adecuación.

Santiago de Compostela, 23 de maio de 2025

A Directora Xerente